

ANEXO  
**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL DO D.O 19-20  
PLAN DE ACTIVIDADES DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN  
“IES LAURO OLMO”**

Dende a Xefatura do Departamento de Orientación estamos en continuo contacto co profesorado titor e coas profesoras de apoio e AL, realizando as seguintes actividades:

- Continuar coas actividades de apoio ao alumnado que precisa das mesmas, facendolle chegar o material necesario para realizalas e levar o control periódico da participación nas mesmas.
- As profesoras de apoio e audición e linguaxe rexistran diariamente as actividades realizadas polo alumnado. Están en contacto permanente co profesorado de areas, e familias. Interactúan a través de correo electrónico.

Ofrecer información ao alumnado de ESO, Bacharelato, Ciclos, FPB, sobre :

- A programación de **técnicas de estudo**, seguindo a páxina web “APRENDER A ESTUDIAR” .
- A **Orientación vocacional** a través do programa :”El Orienta”
- Corrección dos cuestionarios da segunda avaliación sobre **Prevención do acoso escolar**.
- Orientacións ao alumnado de bacharelato sobre o tema . A “**Ansiedade ante os exames**”
- Contestar ás preguntas do alumnado e familias en relación coa Orientación Vocacional; sobre todo respecto de ciclos e a súa relación cos distintos graos.
- Ofrecer ao profesorado titor e profesorado de apoio **resumo sobre cada un dos protocolos** da Consellería de Educación respecto de: TDAH, TEA, DISLEXIA, ALTAS CAPACIDADES,ETC., de xeito que poidan ir rexistrando as características do tratamento individualizado que se realiza con cada alumno/a.

Realizar actividades de coordinación coas profesoras de apoio, proporcionando orientación sobre as últimas valoracións de alumnado realizadas.

**MEDODOLOXÍA.**- Contacto co alumnado e profesorado a través de correo electrónico naqueles casos que dispoñen de internet na casa. Nos demais casos o material elaborado polas profesoras de apoio e audición e

linguaxe faiselle chegar ao alumnado dende a dirección do centro, a través de Cruz Vermella ou do Concello.

Dende o Departamento de Orientación, contestaremos calquera dúbida en relación cos distintos temas de interese: Orientación vocacional, tutoría, dificultades de aprendizaxe, etc.

**RECURSOS DE ORIENTACIÓN.**- Recomendamos a páxina Web da compañeira orientadora Mónica Diz, por considerala a mellor páxina de orientación da comunidade autónoma de Galicia.

Programa “El Orienta” do noso centro.

Páxina web:”aprender a estudar”

<p>Marzo</p>	<p>Iniciase o <b>programa “eu decido” destinado ao alumnado de 4º ESO e 2º Bach.</b>  <b>Elaboración do programa de mellora da aprendizaxe e rendemento.</b>          Selección de alumnado para o programa de mellora da aprendizaxe e rendemento.          Ata o momento non puidemos lévalo a cabo. Esperamos finalizar o curso consensuando as propostas cos equipos docentes.          Coordina-las actividades de técnicas de búsqueda de emprego destinadas ao alumnado de FP e Ciclos Formativos.          Coordinación de actividades de apoio.  <b>-Continuamos coas técnicas de estudo para alumnado de 1º e 2º ESO, 3º e 4º ESO.</b></p>	<p>Orientador e titores.          Orientador e departamentos.          Orientador, titores, pais, alumnos.</p>
<p>Abril</p>	<p>Selección alumnos para FPB          Avaliacións psicopedagóxicas, entrevistas.          Ata o momento non se puideron levar a cabo pola imposibilidade de realizar as avaliacións psicopedagóxicas. Esperamos poder realizalas no mes de xuño ou nos primeiros días de setembro se non fora posible realizalas antes.          Coordinación das actividades de apoio.  <b>Sesión de orientación académica para alumnado de 1º e 2º ESO</b></p>	<p>Orientador e CCP          Orientador, titor, pais, alumnos.          Orientador.</p>

<p>Maio</p>	<p><b>Aprázase a selección de alumnado para cursar a FPB e PMAR. EPA. A xuño ou principios de setembro.</b>  Orientación de alumnos para participar nos distintos <b>itinerarios formativos.</b>  Información para continuar co programa de <b>“mellora da aprendizaxe e o rendemento”.</b>  <b>Programa de prevención da violencia entre iguais. Aplicación do auto test Cisneros.</b>  <b>Este terceiro control de indicios de acoso escolar non foi posible realizalo. Tampouco é necesario no contexto no que nos atopamos.</b>  <b>Coordinación das clases de apoio.</b>  <b>-Sesión de orientación académica para alumnado de 3º e 4º ESO</b>  <b>-Sesión de Orientación académica para alumnado de bacharelato.</b></p>	<p>Orientador e departamento.  Orientador, titor, prof apoio, alumnos e pais.</p>
<p>Xuño</p>	<p>Información ao alumnado de 2º Bach, e CS.  Sobre estudos universitarios, donde cursalos, acceso, becas, etc.  Xunta de avaliación  Análise de resultados grupais e individuais  Toma de decisións de cara ó próximo curso.  <b>Propostas de mellora.</b>  Proposta de alumnos para apoios e itinerarios.  <b>CONSELLO ORIENTADOR</b>  <b>En la Ley Orgánica 8/2013 para la Mejora de la Calidad Educativa (LOMCE), en el artículo 28.7 se establece lo siguiente:</b>   “(…) Al final de cada uno de los cursos de Educación Secundaria Obligatoria se entregará a los padres, madres o tutores legales de cada alumno o alumna <b>un consejo orientador</b>, que incluirá un informe sobre el grado de logro de los objetivos y de adquisición de las competencias correspondientes, así como una propuesta a padres, madres o tutores legales o, en su caso, al alumno o alumna del itinerario más adecuado a seguir, que podrá incluir la incorporación a un programa de mejora del aprendizaje y el rendimiento o a un ciclo de Formación Profesional Básica.”   <u><a href="#">No DECRETO 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu</a></u></p>	<p>Titores, xefatura de estudos, orientador.</p>

<p><b><u>artigo 23 sinálase:</u></b></p> <p>"(...) Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluíra unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Se se considerara necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica... O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna."</p> <p>(publicado en la web de la Consellería el 09-06-2017)</p>	
--	--

#### CONTACTO.

Profesora de apoio: Emilia Santín Quindós:

- [santinquindose@gmail.com](mailto:santinquindose@gmail.com)

Profesora de Audición e Linguaxe: Verónica Rios Vila

- [Vero\\_profeal@hotmail.com](mailto:Vero_profeal@hotmail.com)
- [Vero\\_profeal2@hotmail.com](mailto:Vero_profeal2@hotmail.com)

Orientador :José Fernández López:

- [joseelorientador@hotmail.com](mailto:joseelorientador@hotmail.com)

O Barco a 12 de maio de 2020.

Asdo.: José Fernández López. Verónica Rios Vila Emilia Santín Quindós